



1. DATOS IDENTIFICATIVOS DA DISCIPLINA	
CÓDIGO	
MATERIA	Escenografía
DISCIPLINA	Iluminación II
TITULACIÓN	Título Superior en Arte dramática
ESPECIALIDADE	Dirección Escénica e Dramaturxia
ITINERARIO	Dirección Escénica e Dramaturxia
CURSO	3º
CRÉDITOS ECTS	3
CARÁCTER	Obrigatorio
DEPARTAMENTO	Escenografía
CENTRO	ESAD de Galicia
COORDINADOR/A	Alejandra Montemayor Suárez
DOCENTES	Nome e apelidos: Alejandra Montemayor Suárez Horario titorías: ver <a href="http://www.esadgalicia.com">www.esadgalicia.com</a> Contacto: <a href="mailto:alejandra.montemayor@edu.xunta.gal">alejandra.montemayor@edu.xunta.gal</a>
DESCRICIÓN	Concepción e análise do espazo e do tempo escénicos e da súa significación. Afondamento nos principios formais e de contido, linguaxe e metodoloxía da iluminación.
COÑECEMENTOS PREVIOS	Aconsellanse os acadados nas disciplinas de Iluminación I, Espazo Escénico e Teoría e Análise Dramática.
LINGUA EN QUE SE IMPARTE	Galego <input checked="" type="checkbox"/> Castelán <input checked="" type="checkbox"/> Inglés <input type="checkbox"/> Portugués <input type="checkbox"/>

2. COMPETENCIAS	
COMPETENCIAS TRANSVERSAIS DE GRAO	
T2	Recoller información significativa, analízala, sintetízala e xestionala adecuadamente.
T3	Solucionar problemas e tomar decisións que respondan aos obxectivos do traballo que se realiza.
T7	Utilizar as habilidades comunicativas e a crítica construtiva no traballo en equipo.
T8	Desenvolver razoada e criticamente ideas e argumentos.
COMPETENCIAS XERAIS DA TITULACIÓN	
X3	Potenciar a conciencia crítica, aplicando unha visión crítica construtiva ao traballo propio e ao dos demais, e desenvolvendo unha ética profesional que estableza unha relación adecuada entre os medios que utiliza e os fins que persegue.
X5	Fomentar a expresión e a creación persoal, integrando os coñecementos teóricos, técnicos e prácticos adquiridos; mostrando sinceridade, responsabilidade e xenerosidade no proceso creativo; asumindo o risco, tolerando o fracaso e valorando de maneira equilibrada o éxito social.



<b>X6</b>	Desenvolver unha metodoloxía de traballo, estudo e investigación encamiñada á autoformación na propia disciplina, procurando ámbitos axeitados para a formación continuada e para adaptarse a diversas situacións, especialmente ás derivadas da evolución da súa profesión.
<b>COMPETENCIAS ESPECÍFICAS DA ESPECIALIDADE</b>	
<b>ED1</b>	Concibir propostas escénicas que fundamentan o espectáculo, xerando e analizando conceptos, textos e imaxes e valorando as súas propiedades representativas e a súa calidade estética.
<b>ED2</b>	Proxectar a composición do espectáculo, utilizando todos os coñecementos estéticos e técnicos necesarios sobre as diferentes linguaxes e códigos que participan na representación.
<b>ED5</b>	Investigar para concibir e fundamentar o proceso creativo persoal, tanto no que se refire á metodoloxía de traballo como á renovación estética.

3. OBXECTIVOS DA DISCIPLINA	COMPETENCIAS VINCULADAS
1. Saber traballar có texto dramático para elaborar un deseño de iluminación.	T2, T3, X5, X6, ED1, ED5.
2. Comprender as bases da dramaturxia da imaxe e da luz.	T2, X5, ED5
3. Ser quen de xerar diferentes ambientacións nun mesmo espazo por medio da iluminación	T2, T3, X5, ED1, ED5.
4. Ser quen de modificar as características psicofísicas dun personaxe por medio da iluminación.	T2, T3, X5, ED1, ED5
5. Desenvolver un proceso de traballo axeitado para a elaboración dun deseño de iluminación	T2, T3, T8, X3, X5, X6, ED2, ED5.
6. Ser quen de comunicar as ideas por medio de ferramentas visuais.	T7, T8
7. Saber ler un plano de luces e saber elaborar as follas técnicas precisas	T2
8. Amosar sensibilidade estética e coherencia na elaboración dun deseño de iluminación.	T2, T3, T8, X3, X5, ED1, ED2, ED5.
9. Sentar as bases para facer adaptacións dun mesmo deseño en diferentes espazos con realidades técnicas distintas.	T2, T3, T8, ED2.
10. Saber escoitar, aceptar a crítica construtiva e o traballo en equipo.	T3, T7, T8, X3

4. CONTIDOS		
TEMAS	SUBTEMAS	SESIÓNS
1. Achegamento aos obxectivos do deseño de iluminación	1. As pretensións do deseño de iluminación. 1.1. Xerar a ambientación axeitada para cada montaxe. 1.2. A composición do espazo. 1.3. A influencia sobre as emocións do espectador. 1.4. Dirixir a mirada do espectador. 1.5. O modelado dos corpos e os obxectos.	



<p>2.A dramaturxia da luz.</p>	<p>1. A dramaturxia da imaxe. 2. A dramaturxia da luz. 2.1. A luz na pintura e no teatro. 2.2. A luz no teatro, no cinema e na arquitectura. 2.3. A luz e a sombra como elemento dramático.</p>	
<p>3.A luz no espazo escénico.</p>	<p>1. A luz conformadora do espazo escénico. 1.1. A iluminación como recurso expresivo a ter en conta dende o inicio da creación escénica e a composición do espazo. 2. A luz como obxecto. 2.1. A luz e a sombra como elementos escenográficos. 3. A tridimensionalidade mediante a iluminación. 3.1. A xeración de diferentes planos no escenario. 3.2. Volume e modelado.</p>	
<p>4. A luz creadora do personaxe.</p>	<p>1. Modificación das características psicofísicas do personaxe a través da luz. 1.1. A elección dos proxectores axeitados. 1.2. Ubicación e direccionalidade axeitadas en cada caso. 1.3. O emprego da cor.</p>	
<p>5.A materialización da luz.</p>	<p>1. O traballo cós materiais e as texturas. 1.1. Modificación e xeración de diferentes atmosferas nun mesmo espazo. 1.2. Iluminación, escenografía e vestuario.</p>	
<p>6. O punto de partida.</p>	<p>1. Análise do texto ou a peza de partida: aspectos salientables para o deseño de iluminación. 1.1. Ubicación. 1.2. Estrutura. 1.3. Elementos de significación. 1.4. Espazos nos que se desenvolve a acción. 1.5. Tempo no que se desenvolve a acción. 1.6. Os personaxes. 1.7. As transicións. 1.8. A visión da persoa encargada da dramaturxia. 1.8.1. As referencias ambientais no propio texto. 1.8.2. As didascalías. 1.8.3. O que interesa á hora de engadir apuntamentos sobre iluminación na escrita dramática.</p>	
<p>7.A estética do deseño.</p>	<p>1. A importancia da coherencia estética da luz ao longo de toda a representación. 2. As diferentes estéticas nas que basear o proxecto de iluminación 2.1. A luz narrativa, realista e impresionista. 2.2. A luz expresionista. 2.3. A luz como concepto 2.4. Outras estéticas da luz. 2.5. A mestura entre varias estéticas.</p>	



<p>8. O deseño da iluminación teatral.</p>	<p>1. O equipo de traballo: a relación entre o traballo de Dramaturxia, dirección, escenografía, figurinismo, caracterización e iluminación.          1.1. A importancia da coordinación entre os diferentes eidos creativos.          2. A primeira vía de comunicación: os referentes visuais          2.1. A elaboración do visual book.          3. A toma da decisión da elección estética.          4. A ambientación xeral da obra.          5. O desenvolvemento da ambientación na estrutura xeral do texto.          6. A iluminación escena por escena.          7. As transicións entre escenas.          8. Os movementos escenográficos.          9. As transicións entre os movementos escenográficos.          10. Ubicación e proxemia dos actores e das actrices.          11. O espazo sonoro.          12. A temporalización da luz.          12.1. O tempo global da montaxe.          12.2. O tempo das escenas e as transicións.          12.3. O tempo das luces puntuais e os efectos.          13. A comprobación global do deseño: parámetros útiles.</p>	
<p>9. Ferramentas para o deseño.</p>	<p>1. Bosquexos de atmosfera.          2. Os apuntamentos durante os ensaios.          3. As escaletas.          4. A elaboración do story board.          5. O plano de luces: creación e interpretación.          6. Introducción ás follas técnicas.</p>	
<p>10.A adecuación técnica.</p>	<p>1. Elección dos equipos axeitados.          3. Elección doutros elementos técnicos.          4. A adecuación ao espazo.          4.1. O estudo das dimensións do espazo.          4.2. A implantación da escenografía.          4. O proceso de montaxe          5. O pase técnico</p>	
<b>TOTAL SESIÓNS</b>		

5. PLANIFICACIÓN DOCENTE			
Actividade / Número de horas	Presencial (horas)	Non presencial (horas)	Total
Exposición maxistral	10		10
Exposición práctico-teórica	10		10
Práctica individual	20	15	35
Práctica colectiva	10		10
Titorías individuais	8		8
Actividades de avaliación. Presentacións	2	15	17



TOTAL	60	30	90
-------	----	----	----

## 6. PLANIFICACIÓN DOCENTE E METODOLOXÍAS DE ENSINANZA E APRENDIZAXE

Actividades	Descrición
Exposicións maxistras	Exposicións por parte da docente dos coñecementos teóricos precisos para o desenvolvemento da práctica da iluminación teatral. Apoiaranse con material audiovisual.
Exposicións práctico-teóricas	Faranse no teatro, realizando unha práctica ao mesmo tempo que o docente indica as directrices teóricas.
Práctica individual	Na que cada alumno/a realizará un traballo que poña de manifesto a comprensión e capacidade de aplicación do aprendido e investigue para o seu traballo final.
Práctica colectiva	Prácticas no teatro nas que se investigarán de xeito práctico as propostas individuais dos/as alumnos/as, quenes haberán de contar co apoio do resto do grupo.
Titorías individuais	Nas que a docente dirixirá o traballo individual de cada alumno/a.
Actividades de avaliación. Presentacións.	O alumnado exporá o seu traballo individual.

## 7. ATENCIÓN PERSONALIZADA

Seguimento	Farase un seguimento personalizado integrado no traballo conxunto do grupo, facendo unha análise de cada caso específico e resolvendo cada casuística do xeito máis adecuado. <i>Titoría presencial:</i> O alumnado ten un período de atención personalizada en horario non lectivo.
Orientación	Orientación respecto ás dúbidas e inqedanzas que xurdan en cada caso. <i>Titoría electrónica:</i> O alumnado pode manter contacto permanente co profesor a través do correo electrónico.

## 8. FERRAMENTAS DA AVALIACIÓN

**O alumno deberá establecer unha comunicación previa co docente, mínimo seis semanas antes da data do exame, para aclarar e concretar a estrutura e as particularidades do seu exame.**

### 8.1 Avaliación ordinaria



Ferramenta / actividade	Competencias avaliadas	Ponderación
Realización dun traballo escrito individual que avance paulatinamente no que se reflectirá que o alumnado quen de aplicar o aprendido	T2, T3, T8, X3, X5, X6, ED1, ED2,ED5 5	50%
Realización das prácticas pertinentes no teatro	T3, T8, X3, X5, X7, ED1, ED2	30%
Asistencia regular á clase, puntualidade, participación,interese...	T7, T8, X3	20%

Nota: O 10% de faltas de asistencia a clase suporá a perda da avaliación continua.

O traballo constará das seguintes partes:

- Análise do texto ou punto de partida.
  - Visión persoal do texto. Explicación da liña estética na que se vai traballar, o estilo do deseño. Que se pretende conseguir, que aportará a luz, cómo se mostrarán os personaxes e os espazos por medio desta, como afectará aos movementos dos personaxes, etc.
  - Escaletas con todos os datos precisos para estruturar a obra.
  - Referentes visuais. Fotos realizadas persoalmente ou imaxes da historia da pintura, da fotografía... todo o que visualmente poda aportar a idea que se ten da atmosfera que se quera xerar.
  - Escenografía e vestiario. Plano en pranta a escala e acotado da escenografía e características básicas do vestiario. Aportaranse mostras de materiais e tecidos cos que se podan facer probas nas clases prácticas.
  - Folla de ambientes
  - Story board en pranta.
  - Plano de luces xeral en pranta.
  - Follas técnicas precisas.
  - Aspectos técnicos por escrito. Explicación por escrito do plano de luces, cos debuxos explicativos precisos, argumentando por que se escollen determinados focos, as posicións, as cores, as intensidades, etc.
  - Análise persoal do traballo. Análise do proceso. Cales foron as partes máis asequibles e as que máis dificultades presentaron.
- Reflexión sobre as variacións que se introduciron mediante as prácticas, se se acadou o resultado imaxinado ou non, etc.

\*Nota: o espazo para desenvolver este traballo será la Sala Pedra Seixa.

Nota 1: O alumnado proporá o texto co que desexe traballar pero a elección final deberá ser aprobada pola profesora.

Nota 2: Será preciso que a profesora revise ao menos dúas veces o traballo antes de seren entregado.

Nota 3: Para aprobar a materia será preciso superar tanto o traballo como as prácticas.

Nota 4: A asistencia a titorías é necesaria.

## 8.2. Avaliación extraordinaria

Ferramenta / actividade	Competencias avaliadas	Ponderación
Realización dun traballo escrito individual que cumpra cós apartados anteriormente descritos	T2, T3, T8, X3, X5, X6, ED1, ED2,ED5	70%
Realización dunha práctica no teatro extraída do traballo	T3, T7, T8, X3, X5, ED1, ED2	30%



Nota 1: A persoa que se atope nesta situación deberá contactar coa profesora ao menos seis semanas antes das datas previsibles da avaliación.

Nota 2: Será preciso que a profesora revise ao menos dúas veces o traballo antes de seren entregado.

Nota 3: Para aprobar a materia será preciso superar tanto o traballo como as prácticas.

Nota 4: A asistencia a titorías é necesaria .

### 8.3 Avaliación específica para alumnado sen avaliación continua / ordinaria / extraordinaria

Ferramenta / actividade	Competencias avaliadas	Ponderación
Realización dun traballo escrito individual que cumpra cos apartados anteriormente descritos	T2, T3, T8, X3, X5, X6, ED1, ED2, ED5	70%
Realización dunha práctica no teatro extraída do traballo	T3, T7, T8, X3, X5, ED1, ED2	30%

Nota 1: A persoa que se atope nesta situación deberá contactar coa profesora ao menos seis semanas antes das datas previsibles da avaliación.

Nota 2: Será preciso que a profesora revise ao menos dúas veces o traballo antes de seren entregado.

Nota 3: Para aprobar a materia será preciso superar tanto o traballo como as prácticas.

Nota 4: A asistencia a titorías é necesaria .

## 9. BIBLIOGRAFÍA, MATERIAIS E OUTROS RECURSOS

### REFERENCIAS BÁSICAS

APPIA, ADOLPHE (2000): La música y la puesta en escena. Asociación de Directores de Escena, Madrid.

ARNHEIM, R (2002): Arte y percepción visual, Alianza Editorial, Madrid (1998): El pensamiento visual, Ediciones Paidós Iberica, S.A, Barcelona

DONDIS, DonisA. (2002): La sintaxis de la imagen, Ed. Gustavo Gili, Barcelona

DREYER, KEVIN (2020): Dance and light. The partnership between choreography and lighting design. Ed. Routledge. Nueva York.

GRAHAM, KATHERINE JOY (2018): Scenographic Light: Towards an Understanding of Expressive Light in Performance. PhD thesis, University of Leeds.

KALTENBACH, FRANK (2007): Materiales translúcidos. Vidrio. Plástico. Metal. Ed. Gustavo Gili. Detail Praxis. Barcelona.

KELLER, MAX (1999): Light fantastic (Licht fantastic).

MORAN, NICK (2017): The Right Light. Ed. Palgrave. Londres.

PRESTEL, München KUEPPERS, Harald (1985): Fundamentos de la teoría de los colores, Ed. Gustavo Gili, Barcelona

SÁNCHEZ, JOSÉ ANTONIO (2005): Dramaturgias de la imagen. Universidad de Castilla la Mancha.

SIRLIN, ELI (2006): La luz en el teatro. Manual de iluminación. Inteatro, Instituto Nacional del Teatro.

TAYLOR, CLIFTON (2019): *Color and light*. Ed. QSM. Los Angeles.

TORNQUIST, JORRIT: (2008): Color y luz, Teoría y Práctica. Ed. Gustavo Gili. Barcelona.

VV.AA. (2020): La luz, melodía del arte escénico. Academia de las Artes Escénicas de España. Madrid.



#### REFERENCIAS COMPLEMENTARIAS

- BAHAMON, ALEJANDRO y ÁLVAREZ, ANA MARÍA (2010): Luz, color, sonido: efectos sensoriales en la arquitectura contemporánea. Ed. Parramón.
- CHAVARRÍA, JAVIER (2002): Artistas de lo inmaterial. Ed. Nerea. Hondarribia.
- FISCHER, JOACHIM (2009): Light. Ed. H.F. Ullmann. Architecture Compact.
- HELLER, EVA (2004): Psicología del color. Cómo actúan los colores sobre los sentimientos y la razón. Ed. Gustavo Gili, Barcelona.
- MAAK, TIM HENRIK y PAWLIK, KAY (2011): Un discurso de la luz. Ed. Erco. Alemania.
- MC CANDLESS, STANLEY (1958): A Method of Lighting the Stage. Ed: Theatre Arts Books. New York
- MOREY, MIGUEL y PARDO, CARMEN (2003): Robert Wilson. Ed. Polígrafa. Barcelona.
- PARE, RICHARD (2003): Tadao Ando: los colores de la luz. Phaidon Press Limited. Londres.
- PLUMMER, HENRY (2009): La arquitectura de la luz natural. Ed. Blume. Barcelona.
- PRÄKEL, DAVID (2007): Iluminación. Ed. Blume. Barcelona.
- SVOBODA, JOSEF (1993): The Secret of Theatrical Space. Ed. Applause Theater Books Publisher. New York.
- TURRELL, JAMES (2006): A life in light. Louise T. Blouin Institute.
- TURRELL, JAMES (2001): Lighting a planet. Ed. Gerd Hatje. Alemania.
- VV.AA. (2007): Arquitectura efímera. IJB Ediciones. Barcelona. VV.AA. (2009): By Night: Arquitectura y luz. Editorial Reditar. Barcelona.
- VV.AA. (2004): James Turrell. Generalitat Valenciana. WILSON, ROBERT (2001): Composición, luz y color en el teatro. Ed. Lunewerg. Barcelona.
- WONG, WUCIUS (1992): Principios del diseño en color. Ed. Gustavo Gili. Barcelona.

#### 10. OBSERVACIONES / RECOMENDACIONES

- Para una realización segura de las prácticas en el teatro, será necesario asistir a clase con un calzado adecuado con suela de goma. No se podrá asistir a las clases prácticas con sandalias o calzado similar ni con tacones.
- Está prohibido acudir a clase habiendo consumido alcohol o cualquier tipo de sustancias estupefacientes.
  - Atención a la diversidad: al tratarse de una materia con una gran carga práctica, se valorará cada posible situación de manera particular para garantizar una respuesta a las necesidades temporales o permanentes de todo el alumnado.
  - Esta disciplina necesita realizar las prácticas en la Sala Pedra Seixa.
  - O trabajo escrito deberá acogerse a normativa APA.